

IES Auga da Laxe

Convocatorias de “folga” do alumnado: procedemento para secundala

Segundo a lexislación só está autorizado a secundar unha convocatoria colectiva de inasistencia ás clases (o que entendemos por “folga”, aínda que tecnicamente non é tal) o alumnado de 3º e 4º da ESO e de 1º e 2º de Bacharelato.

O procedemento para secundala (que debe ser lembrado ao alumnado e ás súas familias) que se debe seguir no noso centro para que a ausencia ás clases por este motivo se considere xustificada, é o seguinte:

1. Todo o alumnado que queira secundar unha convocatoria de inasistencia ás clases debe anotar os seus datos e asinar na listaxe de participantes que terán as persoas delegadas de grupo. Os delegados e delegadas de grupo deben recoller este impreso na conserxería. O documento terá que estar depositado na xefatura de estudos como moi tarde **o día anterior** á “folga”.

2. Todo o alumnado menor de idade, ademais, deberá entregar á persoa titora antes do día da “folga” o impreso específico no que a súa nai, pai ou titor/a legal declara que está informado de que a súa filla ou fillo vai secundar a convocatoria ese día e non vai acudir ao instituto. Estes impresos están tamén a dispor do alumnado na conserxería e colgaranse tamén na páxina web do centro.

Polo que se refire a este último documento, é preciso ter en conta que se trata, tal e como recollen as nosas NOFC tras a modificación aprobada polo Consello Escolar o 26/01/2023, dunha declaración de estaren informados, non dunha autorización, pois existe xurisprudencia que establece que o alumnado menor de idade (sempre a partir de 3º de ESO) non precisa do permiso da familia para exercer este dereito. As NOFC poden consultarse en:

https://www.edu.xunta.gal/centros/iesaugadalaxe/aulavirtual/pluginfile.php/39564/mod_resource/content/2/NOFC%202023-2024_def.pdf

MOI IMPORTANTE:

Para que a falta se considere xustificada deben cumprirse ambas as dúas condicións (só a primeira no caso do alumnado maior de idade) antes do día da folga. Non se admitirán xustificacións de faltas de asistencia por este motivo a posteriori.

As persoas titoras deben introducir con antelación estas xustificacións de falta no Xade para evitar que durante o día da “folga”, se os alumnos cumpriron os requisitos, cheguen indebidamente ás familias notificacións de faltas non xustificadas.